



**O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MEIRA**

**PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO MONÁSTICO**

**A TRAVÉS DAS TIC**





**O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MEIRA**

**PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO MONÁSTICO**

**A TRAVÉS DAS TIC**



**Autora:** *Miriam Fernández Otero*

**Asdo:**

**Titor:** Ana Goy Diz.

**Asdo:**

Lugo, ..... de Febreiro de 2017



## **LIMIAR**

Froito do interese pola difusión do importante legado patrimonial monástico conservado no concello lucense de Santa María de Meira, nace o recurso web [www.proxectomeira.wordpress.com](http://www.proxectomeira.wordpress.com), o cal, como o seu propio nome indica, baséase nun proxecto de dinamización a través dunha ferramenta de software libre que opera na Internet, enmarcada dentro dos recursos que nos ofrecen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, comunmente coñecidas coma TIC.

A día de hoxe a importancia e o desenvolvemento que acadaron as TIC nos distintos ámbitos permítenos aplicar tamén os seus beneficios ó mundo da historia da arte, contribuíndo a difundir e a preservar o legado patrimonial, facéndoo máis accesible e dinámico e permitindo acadar unhas experiencias didácticas nunca antes vividas, cuestións que teremos en conta e nas cales profundizaremos no desenvolvemento deste traballo, de xeito que o noso proxecto optimice e aplique todas estas posibilidades para obter os seus beneficios.

## **RESÚMEN**

Fruto del interés por la difusión del importante legado patrimonial monástico conservado en el ayuntamiento lucense de Santa María de Meira, nace el recurso Web [www.proxectomeira.wordpress.com](http://www.proxectomeira.wordpress.com), el cual, como su propio nombre indica, se basa en un proyecto de dinamización a través de una herramienta de software libre que opera en Internet, enmarcada dentro de los recursos que nos ofrecen las Tecnologías de la Información y la Comunicación, comúnmente conocidas como TIC.

A día de hoy la importancia y el desarrollo que alcanzaron las TIC en los distintos ámbitos nos permiten aplicar también sus beneficios al mundo de la historia del arte, contribuyendo a difundir y a preservar el legado patrimonial, haciéndolo más accesible y dinámico y permitiendo alcanzar unas experiencias didácticas nunca antes vividas, cuestiones que tendremos en cuenta y en las cuales profundizaremos en el desarrollo de este trabajo, de forma que nuestro proyecto optimice y aplique todas estas posibilidades para obtener sus beneficios.

## **ABSTRACT**

Fruit of the interest for the diffusion of the important patrimonial monastic legacy preserved in the town hall of Meira's Santa Maria, the Web resource [www.proxectomeira.wordpress.com](http://www.proxectomeira.wordpress.com) is born, which, as his own name suggests, is based on a dynamization project through a free software tool that operates on the Internet, included within the resources offered by Information and Communication Technologies, commonly known as ICT.

Today the importance and the development that the ITC reached in the different areas allow us to also apply his benefits to the history of art world, helping to transmit and preserve the patrimonial legacy, making it more accessible and dynamic and never allowing to reach a few didactic experiences before lived, issues that we will take to in account and in which we will penetrate into the development of this work, in such a way that our project optimizes and applies all these possibilities to obtain its benefits.

---

## ÍNDICE

1- Introducción	07
2- Obxectivos e xustificación	11
3- Metodoloxía	17
4- Marco teórico: a importancia das TICs para difusión e accesibilidade Patrimonial	21
5- Bases Contextuais: Meira e o seu entorno	33
5.1. Dinámica territorial	33
5.2. Dinámica sectorial	36
5.3. Diagnóstico e análise DAFO	38
5.4. Orixes e antecedentes do proxecto	40
5.5. Estrutura de xestión do proxecto	40
6- Formulación do proxecto	45
6.1. Definición da actividade	45
6.2. Destinatarios	45
6.3. Cronograma	46
7- Produción do proxecto	51
7.1. Rexistro e hospedaxe do dominio	51
7.2. Instalación dun CMS	52
7.3. Deseño de contidos e estrutura de navegación	53
7.4. Deseño de estilos	56
7.4.1. Deseño tecnolóxico	56
7.4.2. Deseño comunicativo	57
7.5. Validación final de contidos e funcionamento	58
7.6. Recursos	58
8- Evaluación	63
9- Mantemento e evolución	67
10- Conclusión	71

11- Bibliografía	75
12- Anexos	89
12.1. Anexo I : Presuposto	89
12.2. Anexo II: Exemplo de test de usuario	90
12.3. Anexo III: Exemplo panel/placa turística	91
12.4. Anexo IV: Contidos da web (tres idiomas)	92

# **1. INTRODUCCIÓN**



---

## **1. Introducción**

No concello lucense de Meira, terra nai do río Miño, atopamos un dos mosteiros que a orde do Císter estableceu en territorio galego<sup>1</sup>, estamos a falar da abadía de Santa María de Meira, fundación *ex novo* dependente da Abadía nai de Claraval, que se estableceu no territorio entre 1151-1154 e que constitúe un dos exemplos máis representativos do modelo de arquitectura cisterciense que se estendeu a partires do século XII dende o territorio francés cara o resto de Europa.

O mosteiro de Meira, igual que os outros da orde espallados por Galicia e pola Península, afincouse nesta terra e chegou a converterse co paso do tempo nunha institución con gran peso relixioso, político, económico e territorial na provincia de Lugo. Ese poder aínda pódese reflectir nos restos dos principais edificios que formaron parte do conxunto monástico e que chegaron aos nosos días coma un importante legado patrimonial que merece ser estudado e difundido.

No ano 2014, con motivo da miña finalización dos estudos no Grao en Historia da Arte, tomei o mosteiro de Santa María de Meira como obxecto de estudo para o traballo fin de carreira<sup>2</sup>, no cal levei a cabo unha revisión sobre a orixe, evolución, reformas e visicitudes que sufriu ó longo da historia, recompilando aqueles aspectos máis importantes das monografías existentes sobre o mesmo, xunto coas contribucións máis recentes, ademais da aportación da visión patrimonial que analizaba as distintas intervencións levadas a cabo sobre o edificio.

Tralas novidades sobre o mosteiro descubertas durante o estudo, e a posibilidade que se me brindou de realizar as prácticas de FCT<sup>3</sup> e os informes para a restauración do

---

<sup>1</sup> Existiron outros mosteiros de carácter moito máis modesto que dependeron das grandes abadías cunha existencia pouco duradeira e de escasa proxección, como foi o mosteiro feminino de Moreira, dependente de Santa María de Meira.

<sup>2</sup> Fernández Otero Miriam, *Estudo patrimonial do mosteiro cisterciense de Santa María de Meira. Orixe e evolución*, Traballo dirixido polo Prof. Dr. D. David Chao Castro e xuzgado polo Prof. Dr. D. Ángel A. Sicart Gimenez, na Facultade de Xeografía e Historia da USC o 19 de xullo de 2014.

<sup>3</sup> Programa de prácticas de Formación en Centros de Traballo que realicei na Oficina de Turismo do concello de Meira durante o mes de febreiro de 2014, estipulados como materia optativa no Grao de Historia da Arte. Unha vez realizadas estas horas formativas surxeume, nese mesmo ano e no seguinte, a oferta de realización dos informes de restauración do retablo da Virxe e das pinturas da *chirola*.

retablo da Virxe dos Desamparados e as pinturas da *chirola* que se atopan trala capela maior da igrexa do mosteiro, entendín oportuno dar continuidade ó tema, pero dende unha nova perspectiva que se axusta moito máis á orientación aprendida no Máster en Servizos Culturais, optando por un proxecto de xestión e difusión do Patrimonio Cultural.

Por elo o presente traballo parte deste estudo previo, tendo como obxectivo fundamental a difusión e divulgación do patrimonio monástico meirense a través das TIC, as cales nos permiten achegar dunha forma innovadora e interactiva ó público gran parte da información que hoxe coñecemos deste importante legado monástico, apostando polas novas tecnoloxías fronte ás metodoloxías máis tradicionais empregadas ata o momento.

Concretamente o que se pretende desenvolver ó longo deste traballo é a creación dunha páxina ou recurso web propio do mosteiro, da que o Concello de Meira carece e o Bispado de Lugo tamén, a través da cal podamos alcanzar exitosamente os obxectivos de difusión propostos, converténdose deste xeito nunha ferramenta indispensable para o coñecemento efectivo e desfrute deste legado artístico cisterciense, contribuíndo á súa vez ó desenvolvemento futuro de mecanismos que axuden a superar as barreiras que dificultan a comprensión do patrimonio tanto á meirande parte das persoas como a aquelas que por ter algunha necesidade específica non poden gozar dunha historia que tamén lles pertence.

Nunha sociedade baseada na imaxe e o acceso rápido á información, a creación dun recurso web aportará ó visitante e interesado no patrimonio cultural as ferramentas claves para comprender o conxunto monástico e a súa historia, permitindo colocar o mosteiro de Meira como referente no seu territorio, superando fronteiras, barreiras e abríndose ó mundo, moito máis aló do que os propios monxes chegados de Claraval no século XII puideron imaxinar.

## **2. OBXECTIVOS E XUSTIFICACIÓN**



---

## **2- Obxectivos e xustificación**

Como avanzábase na introducción deste Traballo Fin de Máster, os obxectivos principais deste proxecto son os de dotar á Oficina de Turismo do Concello de Meira dunha web propia do mosteiro, proporcionando un recurso renovado e eficaz que emprega as novas tecnoloxías coa fin de ampliar a oferta informativa actual, cun alcance e accesibilidade maior a toda a información dispoñible sobre o legado patrimonial cisterciense do lugar, de xeito que o consumidor deste tipo de experiencias culturais poda acceder a todos os datos necesarios, planos, guías, fotografías, estudos relacionados, etc., en calquera momento e dende calquera lugar a través da Internet.

Coa creación deste recurso web o Concello ofertará ó visitante unha experiencia máis dinámica, didáctica e rica en información, apostando pola idea de que “aos visitantes do século XXI hai que ofrecerlles una experiencia online, complementaria á su visita física, coa finalidade de estimular todas as súas capacidades sensoriais<sup>4</sup>”. Descartar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos e dixitais que hoxe en día temos á nosa disposición non ten sentido, pois os beneficios en canto a estudo e difusión que nos ofrece a súa aplicación para o turismo cultural está sendo demostrada, marcando o punto de inflexión con respecto a décadas precedentes, con infinitas capacidades en canto á divulgación do coñecemento, a historia e a arte de ata os enclaves máis remotos, debendo todos eles adaptarse ó novo mundo dixital se queren manterse na vangarda do coñecemento, exportando de forma máis sinxela os seus recursos e potencialidades culturais ó exterior.

Por outra banda a creación dun recurso web no que ademais dos datos sobre o mosteiro se mostren outro tipo de actividades relacionadas, tales como conferencias, festividades, proxectos culturais, talleres, etc., permitirá a ampliación, actualización e posicionamento da oferta cultural de xeito que se atraia un número maior de visitantes ó Concello de Meira, formando parte esencial dos procedementos de desenvolvemento

---

<sup>4</sup> Saldaña, Iñaqui, *et alii*, “Los museos en la era digital. Uso de nuevas tecnologías antes, durante y después de visitar un museo, centro cultural o galería de arte” en [www.dosdoce.com](http://www.dosdoce.com), 2013, p. 5. (12/06/2016).

local e potenciación dos recursos endóxeos<sup>5</sup>, constituíndo un importante potencial de avance que, convenientemente explotado, contribuirá nos procedementos que encamiñan o lugar cara a vía do desenvolvemento competitivo e o crecemento económico local.

Outro dos obxectivos derivados deste proxecto a longo prazo será o plantexamento de aplicacións vinculadas ó recurso web, as cales contribúan á súa vez a superar as barreiras que dificultan a comprensión das obras de arte a aquelas persoas con necesidades específicas, auditivas ou visuais, tales como audioguías descargables, placas explicativas con textos en *braille* (instalados no propio monumento) e placas que conteñan distintos códigos QR<sup>6</sup>, permitíndonos enlazar directamente coa páxina web para descargar toda a inforación (audios, guías textuais, estudos, fotografías, etc.). Estes códigos resultarán útiles tamén para aquelas persoas sen capacidades especiais, como xeito interactivo de acceder ós contidos.



Lámina 1 e 2: Exemplo de panel turístico explicativo que integra a escritura en braille e exemplo de código QR.

---

<sup>5</sup>Vázquez Baquero, Antonio, "Desarrollo local y territorio", en Pérez Ramírez, Bartolomé e Carrillo Benito Emilio, *Desarrollo local. Manual de uso*, Madrid, ESIC, 2000, p. 96.

<sup>6</sup>Matriz en dúas dimensións formada por una serie de cadrados sobre un fondo, definidos coma "sistemas de almacenaxe de información que poden lerse dende, PC, tabletas, smartphones, etc., a través dunha cámara. Son fáciles de producir, xa que existen infinidade de webs gratuitas que nos permiten crealos [...] Para descodificalos só é preciso descargarse unha aplicación de lector de códigos e, mediante a cámara fotográfica do noso artefacto móbil, apuntar e fotografalo [...] ofrecendo dende unha simple información textual a xeolocalizacións, direccións web, descargas de vídeo e audio e innumerables fórmulas de realidade aumentada". Martínez, Gil, Tânia e Santacana, Mestre, Joan, *La cultura museística en tiempos difíciles*, Gijón, Trea, 2013, p.67.

Todos estes obxectivos teñen a súa xustificación ante a falta de dinámicas innovadoras, vencelladas ó tratamento tradicional da cultura e a súa difusión, das que dispón o concello de Meira, aínda que dende a Oficina de Turismo se leven a cabo interesantes iniciativas e proxectos de dinamización cultural, co obxectivo de dar a coñecer o entorno natural e o patrimonio monástico do concello. Estas actuacións atópase fortemente limitadas pola inexistencia dunha plataforma dixital forte que lle permita o desenvolvemento deste tipo de ferramentas, circunscribíndose na actualidade a pequenas entradas ou notas informativas na web xeral do Concello<sup>7</sup>. Esta limitación afecta seriamente á difusión e á dinamización do seu Patrimonio Cultural e das diferentes actividades realizadas ó seu redor, as cales pasan amplamente desapercibidas para a gran maioría do público.

Este proxecto resulta polo tanto o punto de partida para a aplicación das novas tecnoloxías ó patrimonio cultural de Meira, un recurso con unha grande capacidade de difusión, segundo as necesidades locais e foráneas, permitindo o coñecemento deste mosteiro do Císter fora do noso territorio máis próximo porque á marxe que das complicacións que soportou nas últimas décadas conseguiu chegar, aínda que maltreito, ós nosos días, permitíndonos comprender o funcionamento e os ideais duns monxes que tiñan como principio de fe o coñecido *ora et labora*, converténdose en verdadeiros centros económicos de relevancia e elementos vertebradores do territorio da súa época<sup>8</sup>.

---

<sup>7</sup> Estes datos xerais son aqueles referidos a unha breve descripción do conxunto patrimonial, non así das actividades periódicas levadas a cabo pola Oficina de Turismo, as cales pasan totalmente desapercibidas neste medio, recurso do que analizaremos o seu funcionamento en apartados posteriores.

<sup>8</sup>Valle Pérez, José Carlos, “La implantación de la Orden del Císter en Galicia y su reflejo monumental durante la Edad Media”, en Rodríguez, Jorge e Valle Pérez, José Carlos, *Arte del Císter en Galicia y Portugal*, A Coruña, Fundación Calouste Gulbenkian e Fundación Pedro Barrié de la Maza, 199, p. 15.



## **3. METODOLOGÍA**



### **3. Metodoloxía**

A metodoloxía empregada no presente traballo será sinxela, respondendo ás necesidades básicas dun proxecto que ten como obxectivo principal a creación dun recurso ou ferramenta para a difusión do Patrimonio Cultural.

Para elo basearémonos en tres puntos estratéxicos: unha fase de análise e estudo previo do proxecto, a execución e montaxe do recurso web, e un testeo final, o cal debe mostrar uns resultados que cubran con éxito as necesidades e superen os obxectivos fixados.

Estes tres puntos básicos seguirán unha liña común, unha investigación centrada nas novas tecnoloxías e os recursos multimedia, dentro do campo da tecnoloxía educativa, aplicados tendo en conta as características propias do concello de Meira, as súas necesidades do ámbito cultural e o amplo abano de público que pode achegarse a coñecer o mosteiro, as súas limitación físicas ou intelectuais e o grao medio de coñecemento no emprego das novas tecnoloxías.

Como xa indicamos no apartado da introdución o traballo sobre o mosteiro de Meira realizado para o Grado en Historia da Arte, “*Estudo patrimonial do mosteiro cisterciense de Santa María de Meira. Orixe e evolución*”, será o principal punto de partida pois, recompilados os datos máis característicos do monumento, será agora cando se poñan en práctica os procedementos ou mecanismos para a construción dun recurso que nos permita a súa difusión a través dunha ferramenta implantada con forza nos nosos días: a Internet.

Unha vez rematada a fase inicial de investigación e análise da cotorna procederase á montaxe do noso recurso web tendo en conta as ofertas e opcións dispoñibles do mercado, baseados en software libre, que mellor se adapten ós nosos requerimentos e obxectivos que pretendemos cumprir, finalizando co seu posicionamento óptimo na rede e testeo final que nos asegure o óptimo funcionamento, cumprindo as expectativas creadas na formulación inicial.



## **4. MARCO TEÓRICO**



---

#### **4. Marco teórico: a importancia das TICs para difusión e accesibilidade patrimonial**

As TIC ou Tecnoloxías da Información e da Comunicación móstranos unha realidade en canto á información e á comunicación producida nas últimas décadas vinculada ó surximento e expansión da Internet, fito que marcou progresivamente un antes e un despois no noso día a día revolucionando o xeito de comunicarnos, a difusión do coñecemento, a forma de traballar e dirixir proxectos, a adquisición de produtos, etc., salvando calquera tipo de barreira e proporcionando unha interacción eficaz entre dispositivos fisicamente distanciados.

Fernández Muñoz<sup>9</sup> e a empresa Telefónica<sup>10</sup> definen as TIC respectivamente como:

“.....una innovación en microelectrónica, computación, telecomunicaciones y optoelectrónica que permiten el procesamiento y acumulación de enormes cantidades de información, además de una rápida distribución de la información a través de redes de comunicación.”

“...son las tecnologías que se necesitan para a la gestión y transformación de la información, y muy en particular el uso de ordenadores y programas que permiten crear, modificar, almacenar, proteger y recuperar esa información.[...] Hacen, por tanto, posible promover el intercambio y el fortalecimiento de los conocimientos mundiales en favor del desarrollo, permitiendo un acceso equitativo de la información para las actividades económicas, sociales, políticas, sanitarias, culturales, educativas y científicas, dando acceso a la información que está em el dominio público” .

Cando falamos das TIC incluímos por extensión unha serie de ferramentas esenciais como son os ordenadores, teléfonos, tablets, mp3, mp4, TV, etc., así coma os sistemas de transmisión vía satélite, radio, realidade virtual, a fibra óptica, procesos microelectrónicos, etc., os cales se complementan no proceso de transmisión da información, revolucionando todos os parámetros coñecidos nos séculos precedentes.

---

<sup>9</sup> Fernández Muñoz, Ricardo, “El Marco conceptual de las nuevas tecnologías aplicadas a la educación” en Gértudix Barrio, Felipe, *Docencia e Investigación: revista de la Escuela Universitaria de Magisterio de Toledo*, Nº. 8, 1998, pp. 79-129. Disponible en <https://revista.uclm.es/index.php/rdi> (13/06/2016).

<sup>10</sup> Fundación Telefónica, *Preguntas más frecuentes sobre la Sociedad de la Información: ¿Qué son las TICy qué beneficios aportan a la sociedad*, 2007. Disponible en [http://info.telefonica.es/sociedaddelainformacion/html/faq\\_home.shtml](http://info.telefonica.es/sociedaddelainformacion/html/faq_home.shtml) (13/06/2016).





Lámina 3: *Aportacións das Tic*, Marqués Graells, Pere, La cultura de la sociedad de la información. Aportaciones de las Tic, Departamento de Pedagogía Aplicada, Facultade de Educación, Universidade Autónoma de Barcelona, 2011, disponible en <http://www.peremarques.net/si.htm> (13/07/2016).



Láminas 4 e 5: *Mundos donde actuar e Mundo dixital*, Marqués Graells, Pere, La cultura de la sociedad de la información. Aportaciones de las Tic, Departamento de Pedagogía Aplicada, Facultade de Educación, Universidade Autónoma de Barcelona, 2011, disponible en <http://www.peremarques.net/si.htm> (13/07/2016).

---

Para moitos expertos dende finais do século XX estamos inmersos no que denomina coma *Sociedade do Coñecemento*, un novo tipo de sociedade que ben marcada polo crecemento económico en base a un extraordinario progreso tecnolóxico, provocando á súa vez profundos cambios de natureza social e cultural. Esta *Sociedade do Coñecemento* non sería máis que unha III Revolución económica e social como as ocorridas no pasado (Revolución agrícola e Revolución Industrial), que neste caso se fundamenta nunha evolución dixital da man das novas tecnoloxías ligadas á información e á comunicación (TIC), tomando como base principal a Internet e incluíndo toda unha serie de aplicacións e ferramentas dixitais baseadas nos protocolos da rede de redes que foron surxindo<sup>11</sup>.

Dende o despegue do mundo da Internet e o desenvolvemento das TIC, os individuos adquiriron unha maior capacidade para acceder e intercambiar a información, desencadeando novos impactos e transformacións nas actividades económicas, sociais, políticas, sanitarias, culturais, científicas e educativas, nestas últimas cunha repercusión nunca antes vista. A masificación dos distintos dispositivos, a diminución dos custos e o incremento incesante das súas capacidades, normalizaron a irrupción constante das tecnoloxías da información e a comunicación no noso día a día, cambiando o xeito de relacionarnos co noso entorno.

A posibilidade de derribar as barreiras do espazo e do tempo, permitindo o acceso ás fontes, á interacción e á colaboración entre persoas para a construción colectiva do coñecemento, elevaron a calidade de distintos procesos como o educativo<sup>12</sup>, dando lugar á posibilidade dun público máis instruído mediante o *e-learnig*<sup>13</sup>, no que o alumno

---

<sup>11</sup> González, Sabín, Raquel, *Las TIC's en la gestión de recursos Humanos, cómo atraer, desarrollar y retener el talento a través de las NN TT*, Vigo, Ideaspropias, 2005, pp. 1-10.

<sup>12</sup> Cobo Romani, José Cristobal, “El concepto de tecnologías de la información. Benchmarking sobre las definiciones de las TIC en la sociedad del conocimiento” en Santos, María Teresa, López Roberto e Camacho, Idoia (Coord.), *Zer*, Vol. 14, Núm. 27, Universidad del País Vasco, 2009, p.30.

<sup>13</sup> Procesos de ensinanza-aprendizaxe que se levan a cabo a través da Internet, caracterizados por unha separación física entre profesorado e estudantes e unha comunicación e interacción didáctica continuada. Neste proceso o alumno pasa a ser o centro da formación ao ter que autoxestionar o seu aprendizaxe coa axuda de titores e compañeros. Web del Centro de Formación Permanente de Sevilla, “*E-learning. Definición y Características*”, Universidad de Sevilla. Disponible en <http://www.cfp.us.es/e-learning-definicion-y-caracteristicas> (07/07/2016)

desenvolve a súa aprendizaxe a través da internet con estratexias non contempladas nun sistema tradicional de ensinanza<sup>14</sup>.

A pesar de todos os seus puntos positivos a crecente irrupción do mundo dixital en todos os ámbitos da vida do ser humano, a escala mundial, ten tamén os seus contras como a violación da privacidade, o illamento, adiccións, as fraudes, os acosos, etc<sup>15</sup>., ademais da creación dun tipo novo de exclusión denominado *brecha dixital*<sup>16</sup>, a cal contribúe a ampliar o abismo entre países e cidadáns con respecto á súa capacidade e medios de acceso a este novo mundo do coñecemento e a comunicación.

Centrándonos concretamente no universo que abarcan as TIC e a difusión cultural-patrimonial, hai que afirmar de novo que a posibilidade aberta na comunicación global dos bens culturais supuxo unha revolución de fondo calado no ámbito da cultura, xa que permitiu cambiar de forma evidente e progresiva a lóxica da difusión cultural, propondo novas formas de tratar e elaborar contidos, consumilos e difundilos<sup>17</sup>. O salto do soporte físico (libros, guías, etc.) ou contemplación directa dos bens culturais como elementos principais para o seu desfrute, á capacidade de contemplalos e adquirir toda a información sobre eles en tempo real con un sinxelo “clic” nos nosos PCs ou nos dispositivos móbiles, sen importar os kilómetros que nos separen deles, modificou e enriqueceu a nosa forma de relacionarnos cos mesmos, aumentando a accesibilidade comunicativa aos recursos patrimoniais.

Non obstante, para algúns profesionais esta revolución tecnolóxica pode converterse nun risco ou suxerir certas limitacións para a comunicación global do Patrimonio cultural se se impón exclusivamente como unha moda ou unha obrigaón, posto que esta debe implantarse exclusivamente cuns obxectivos marcados, ademais doutras cuestións relacionadas coa súa capacidade de substituír ó orixinal, á transmisión de

---

<sup>14</sup> Santacana i Mestre, Joan e Coma Quintan, Laia, “El m-learning y la educación patrimonial” en *Manuales de museística, patrimonio y turismo cultural*, Santacana i Mestre, Joan e Coma Quintan, Laia (Coord.), Gijón, Trea, 2014, p. 56.

<sup>15</sup> Bringué Sala, Xavier e Sádaba Chalezequer, Charo., *Nacidos digitales: una generación frente a las pantallas*, Madrid, Rialp, 2009, p.32-34.

<sup>16</sup> Tello Leal, Edgar, “Las tecnologías de la información y comunicaciones (TIC) y la brecha digital: su impacto en la sociedad de México”, en Duart, Josep Manuel (Coord), *Revista de Universidad y sociedad del conocimiento*, Vol. 4, Nº 2, Barcelona, Universidad Oberta de Catalunya, 2007, pp.1-8.

<sup>17</sup> Mateos Rusillo, Santos M., “Innovación en la comunicación global del patrimonio cultural: TIC” en Muñoz Cosme, Alfonso (Coord.), *Patrimonio Cultural de España*, Nº 4, Madrid, IPCE, 2010, p.115

---

confusións no espectador (abstraccións, perdas de escala e da concepción do monumento no seu entorno), o individualismo, á saturación ou á primacía do atractivo fronte os contidos<sup>18</sup>.

Aínda así no tocante á difusión patrimonial as TIC supuxeron unha total democratización do acceso ós bens culturais<sup>19</sup>, xerando novas formas de consumo e aportando toda unha serie de ferramentas que poñen a disposición, incluso dos máis reticentes a este tipo de ocio, unha nova experiencia para o contacto coa nosa cultura e a cultura global. As infinitas posibilidades comunicativas das que agora dispoñemos (páxinas web, redes sociais, discursos expositivos innovadores, visitas virtuais, recreacións, etc.) chegan agora a un número maior de usuarios que os medios tradicionais de fai unha décadas, aforrando tempo e esforzo soamente cun punto de conexión a internet e un dispositivo no que descargar gratuitamente ou non moitos dos contidos, xestionados de forma máis eficiente e sinxela que no punto de consulta físico. Establécese por tanto tamén neste proceso de difusión un acto de comunicación, na que a vontade da participación “é a que alimenta a cadea de valor do patrimonio, pois o desexo de saber e aprender, así coma as preguntas cuestionadas por aqueles cos que se dialoga, incitan unha nova relación con eses bens e os seus valores inherentes<sup>20</sup>,” nunha “relación transitiva definida por un sistema descendente e ascendente da información onde se integra o proceso mediador”<sup>21</sup>.

Para moitos profesionais do campo unha boa política de difusión deberá polo tanto contar con catro obxectivos básicos<sup>22</sup>: a xa comentada democratización da cultura, a rentabilización do patrimonio cultural da zona (turismo cultural), a educación e estima das institucións que se dedican a preservar e difundir a nosa propia cultura (Museos, Centros de Interpretación, etc.) e, por último (e non menos importante), conseguir que a sociedade aprecie os bens culturais como parte fundamental da súa existencia e da súa

---

<sup>18</sup>Bellido Grant, M.Luís, “Los fundamentos de medio digital” en *Difusión del Patrimonio Cultural y Nuevas Tecnologías*, Córdoba, Universidad Internacional de Andalucía, Junta de Andalucía, 2008, pp. 45-46.

<sup>19</sup>Mateos Rusillo, Santos, “Innovación en la ...”, p. 120.

<sup>20</sup>Monterroso Motero, Juan Manuel, “A difusión e a información dentro da cadea de valor do patrimonial cultural” en *Os petroglifos do concello de Teo*, Teo (A Coruña), Concello de Teo, 2008, p.12.

<sup>21</sup>Monterroso Montero, Juan M., “A difusión e...”, p. 12.

<sup>22</sup>Bellido Grant, M.Luís, “Los fundamentos de...”, p. 45.

identidade, feito que axude a protexelo e conservalo, transmitíndoo como legado ás xeracións futuras.

Para tratar de definir o alcance das distintas ferramentas dispostas para a difusión e o coñecemento dos bens culturais, é necesaria a identificación concisa dos mesmos mediante exemplos claros e mesmo reais, tanto nacionais como internacionais, que nos ilustren as distintas posibilidades das novas tecnoloxías da comunicación no campo do Patrimonio.

Primeramente compre incidir nun dos argumentos expostos anteriormente e que nos explica tamén José Castillo Ruíz<sup>23</sup>, que destaca a importancia das TIC na tutela, protección e conservación do Patrimonio, pois serán empregadas para tal fin de forma paralela á difusión, e dicir, posuirán unha dobre función baseada no coñecemento e na protección.

Unha das posibilidades que nos brinda a Internet e as TIC é o acceso portais de información institucionais nos que consultar moita información de especial relevancia para o estudo do noso Patrimonio como os inventarios das coleccións dos museos españois (CERES), inventarios de documentación de Arquivos (PARES), páxinas sobre o ámbito concreto da restauración (*Portal Internet Culturel, Instituto Centrale per il Restauro de Roma*, etc.), a buscadores e bases de datos sobre o mundo da arte e o patrimonio (Ex.: *Artehistoria*, ), a páxinas propias de distintas institucións cos seus datos específicos (*UNESCO, ICOM, Ministerio de Cultura, Instituto Andaluz do Patrimonio histórico*, etc.), a páxinas para a difusión turística dos Concellos e de monumentos concretos (*Turismo de Ávila, Catedral de Santiago, Torre Eiffel*, etc.), así coma o acceso a webs de organismos tan importantes coma museos, “referentes activos do emprego das novas tecnoloxías nos aspectos relacionados coa difusión”<sup>24</sup>.

En España atopamos exemplos de recursos web de Museos de alta calidade, coma son a web do Museo do Prado ([www.museodelprado.es](http://www.museodelprado.es)), a do Museo Reina Sofía ([www.museoreinasofia.es](http://www.museoreinasofia.es)), a do Museo de Arte Contemporáneo de Castilla e León

---

<sup>23</sup> Castillo Ruiz, José, “Patrimonio histórico y nuevas tecnología. El Observatorio del Patrimonio Histórico Español (OPHE)” en Bellido Gant, M<sup>a</sup> L. (Coord.), *Difusión del Patrimonio Cultural y Nuevas Tecnologías*, Córdoba, Universidad Internacional de Andalucía, Junta de Andalucía, 2008, pp. 23-33.

<sup>24</sup> Bellido Grant, M. Luísa, “Los fundamentos de...”, p. 48.

---

([www.musac.es](http://www.musac.es)) ou a Museo das Artes e das Ciencias de Valencia ([www.cac.es](http://www.cac.es)); do mesmo xeito que existen bos exemplos internacionais coma a do Museo do Louvre (<http://www.louvre.fr>) ou do Guggenheim de Nova York ([www.guggenheim.org](http://www.guggenheim.org)), os cales integran en si mesmos distintos recursos informativos.

Nelas ofrécense nos todo tipo de información, independentemente do lugar no que nos atopemos, debidamente adaptada á linguaxe do soporte dixital, que abarca dende as exposicións permanentes e itinerantes, programas educativos, eventos, datos sobre o Museo e as coleccións, descarga de folletos informativos, fotografías, etc., ata os horarios de visita e tarifas, sumados a distintos servizos nos que volven formar parte esencial as TIC: as audioguías e signoguías, as aplicacións para dispositivos móbiles (*apps*), visitas virtuais, *podcastings* e a recreación mediante realidade virtual.

Estes servizos ou recursos, que poden presentarse incluídos ou externalizados ás páxinas web, contribúen en grande medida a complementar a difusión cultural no seu concepto xeral, marcando un forte avance naquelas tecnoloxías de comunicación que tratan de derrubar todo tipo de barreiras na búsqueda dunha óptima accesibilidade, dereito internacionalmente recoñecido e regulado por leis e tratados nos que se consideran a súa obrigatoriedade para todas aquelas instalacións, produtos e servizos de carácter público<sup>25</sup>.

A posibilidade da aplicación de recursos tecnolóxicos (e derivados) como a xeración de audioguías e signoguías, textos en braille, enlaces mediante códigos QR, reproducións fidedignas de pezas arqueolóxicas ou obras de arte, etc., permiten ás persoas con necesidades especiais superar aquelas dificultades que os illan e exclúen do mundo e do universo patrimonial, facilitando que a difusión dos seus valores supere as barreiras existentes, chegando a calquera persoa por igual e creando un entorno máis inclusivo e respetuoso independentemente das súas circunstancias vitais e persoais. Estes aspectos están sendo analizados en profundidade hoxe en día en moitos museos, os cales paulatinamente se esforzan por engadir propostas expositivas marcadas por unha metodoloxía plantexada sempre dende a accesibilidade, alterando a súa visión tradicional de mero contedor de arte cara unha institución ó servizo da sociedade, na

---

<sup>25</sup>Vázquez Fernández, Javier e Cacheda Barreiro, Rosa, “Marco normativo de las condiciones de accesibilidad” en *La accesibilidad de los museos: visiones y perspectivas: una propuesta de intervención en Galicia*, Cacheda Barreiro, et alii (Coords.), Santiago de Compostela, Andavira, 2015, pp. 49-81.

que a participación, a educación e a conservación forman parte do proceso comunicador ante un receptor activo, o cal demanda uns mecanismos e deseños que aporten unha experiencia non discriminatoria (basada en principios éticos<sup>26</sup>) e accesible para todos<sup>27</sup>.

Por outra anda atopamos tamén as aplicacións para dispositivos móbiles, vulgarmente coñecidas coma *apps*, as cales se poden descargar directamente ou enlazalas a través do escaneo de códigos QR, permitíndonos acceder á versión movil da web e a todos os seus contidos, como ás audioguías, ós trípticos, ós planos, etc., ademais das novas máis recentes das institucións. Algunhas destas *apps* ofrécenos grandes e impensables vantaxes para a observación dos bens patrimoniais que serían impensables *in situ*, en moitos casos por cuestións de seguridade e conservación (masificación de visitantes), tales coma a ofertada polo Museo do Prado (*Second Canvas Museo del Prado*), a cal nos permite a captura de detalles de 14 obras da exposición permanente en altísima definición para poder ver os *arrepentimentos* do artista, características das pinceladas, a policromía e outros datos aumentados, grazas a un escaneo con raios X, ademais da posibilidade de gardar e compartir imaxes, escoitar as audioguías e conectar o contido por medio de cable ou *airplay*<sup>28</sup> á TV<sup>29</sup>.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías permítenos tamén a dixitalización dos bens documentais e bibliográficos, facilitando exercer en boa medida o dereito de acceso libre e gratuío ós bens patrimoniais, tal como recollen as leis, independentemente do lugar no que nos atopemos e sen poñer en peligro a súa conservación se o seu estado é precario<sup>30</sup>. Algún exemplo de experiencias virtuais deste tipo, entre moitas das que se nos ofrecen hoxe en día, podemos atopalas na páxina web

---

<sup>26</sup> CACHEDA Barreiro, Rosa e Lamigueiro Romero, Moisés, Fernández Martínez, Carla, “La accesibilidad en los museos: una visión desde la ética” en *La accesibilidad de los museos: visiones y perspectivas: una propuesta de intervención en Galicia*, CACHEDA Barreiro, Rosa, et alii, (Coords.), *La accesibilidad a...*, pp363-391.

<sup>27</sup> CACHEDA Barreiro, Rosa, Lamigueiro Romero, Moisés, Amado Fernández, Manuel, Rivas Amado ángel e Vázquez Fernández, Javier, “Hacia el desarrollo de una metodología de evaluación en los museos de Galicia. Análisis y propuestas” en *La accesibilidad de los museos: visiones y perspectivas: una propuesta de intervención en Galicia*, CACHEDA Barreiro, Rosa, Lamigueiro Romero, Moisés, Fernández Martínez, Carla e López Calderón Carme (Coords.), *La accesibilidad a...*, pp. 209-211.

<sup>28</sup> Envío de datos, imaxe ou son a unha pantalla mediante conexión sen cables.

<sup>29</sup> <https://www.museodelprado.es/apps/second-canvas-museo-del-prado> (07/06/2016)

<sup>30</sup> Castillo Ruiz, José, “Patrimonio histórico y...” p.28.

---

do *Museo Virtual de la Cultura Castreña*, na páxina de *Tourg Galicia* (na que tamen podemos ver a igrexa de Meira), na web do Teatro Real, etc.

Intrinsecamente relacionado coa tecnoloxía empregada para as visitas virtuais atopamos aquelas aplicacións e medios que nos facilitan a reprodución ou reconstrución do estado orixinal dos bens, sen ter que tomar medidas de restauración intrusivas, atopando exemplos desta última medida na reprodución en três dimensións da Vila Romana da Olmeda<sup>31</sup>, da cidade de Madinat al-Zahra<sup>32</sup>, de escenarios da Antiga Roma<sup>33</sup>, de edificios coma o Partenon<sup>34</sup>, etc.

Por último tanto nas páxinas web como noutro tipo de comunidades colaborativas ou de contidos, como os blogs e as redes sociais, atopámonos cos *podcastings*, vídeos xerados co obxectivo de ofrecer información actualizada ó espectador, de xeito atractivo e que o incite a interesarse polo tema e o manteña informado das novidades.

Para rematar nesta pequena introdución relacionada coa presenza das TIC na difusión cultural, non podemos pasar por alto a forza coa que as distintas comunidades colaborativas, é dicir, redes sociais e blogs, se intruduciron no ámbito da cultura, adoptadas mesmo polas institucións para contribuír no proceso de divulgación das actividades e márketing, de xeito que cada día chegue con maior facilidade a un elevado número de persoas, as cales poden participar na mellora das mesmas mediante a comunicación das súas experiencias, necesidades e gustos persoais.

Tampouco podemos pasar por alto todos aqueles dispositivos fixos que se instalan nos distintos puntos de información, xacementos arqueolóxicos ou Museos, tales coma pantallas táctiles, proxectores, etc., os cales nos permiten vivir *in situ* unha experiencia didáctica aplicando moitas das ferramentas anteriormente descritas.

---

<sup>31</sup>Villa Romana La Olmeda - Reconstrucción Virtual en 3D, disponible en <https://www.youtube.com/watch?v=MRPaXpr7qU8> (06/07/2016).

<sup>32</sup>Medina Azahara 3D, disponible en <https://www.youtube.com/watch?v=RDXCSEygUdo> (06/07/2016).

<sup>33</sup>Reconstrucción 3D de escenarios de la Antigua Roma do CEIP Pedro Antonio de Alarcón disponible en <https://www.youtube.com/watch?v=cF3o9-iqRb8> (06/07/2016).

<sup>34</sup>Reconstrucción en 3D do Partenón de Atenas, disponible en <https://www.youtube.com/watch?v=Ey-jDKHLKLM> (06/07/2016).

Con todo o exposto anteriormente podemos afirmar que a Internet estase a converter “nun dos medios con máis presente e futuro para difundir a cultura”<sup>35</sup>, polo cal entendemos que todas aquelas empresas, organismos e institucións culturais que traballen no eido do patrimonio, deberían adaptarse a estas novas tecnoloxías para acadar os seus obxectivos de difusión e comunicación, aspirando ofertar ó espectador unha experiencia cultural innovadora e didáctica, a cal á súa vez contribuirá en boa medida coma instrumento de formación e de sensibilización do público ante o noso patrimonio (*pedagogía do patrimonio*<sup>36</sup>), tal como trataremos de plantexar neste proxecto que se aplicará para a difusión do patrimonio monástico do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Meira.

---

<sup>35</sup> Mateos Rusillo, Santos, “Innovación en la ...”, p.123.

<sup>36</sup> Hernández Hernández, Francisca, *El patrimonio cultural: la memoria recuperada*, Gijón, Trea, 2002, pp.435-439.

# **5. BASES CONTEXTUAIS**



## **5- Bases Contextuais: Meira e o seu entorno.**

Para a correcta definición do alcance e dos obxectivos do noso proxecto será fundamental coñecer as dinámicas do territorio para o que foi deseñado e as características sectoriais ó que pertence, aspectos que analizamos a continuación.

### **5.1. Dinámica territorial**

No presente apartado detállanse os factores referentes ao territorio, entendido como aquel espazo natural ou administrativo para o que está previsto o desenvolvemento deste proxecto titulado *O Mosteiro de Santa María de Meira: Proxecto de dinamización do Patrimonio monástico a través das TICs*, e que circunscribimos por cuestións de operatividade ó concello de Meira, do cal analizaremos algúns indicadores que definen as súas características demográficas.



Lámina. 6: Ubicación xeográfica do Concello de Meira (Fonte:wikipedia)

O Concello de Meira é un municipio lucense que pertence á diocese de Lugo, situado a 34 km da capital da Provincia cara o noroeste<sup>37</sup> entre a comarca da Terra Chá e as Serras Orientais, cunha superficie total de 47 km<sup>2</sup>, onde o relevo marcado pola Serra de Meira divide o territorio en dúas metades, nas que tamén atopamos vales coma por onde discorre o Miño no seu nacemento e o Eo. Ó norte limita co Concello de Riotorto, ó sur co de Pol, ó leste co de Ribeira de Piquín e ó oeste co Concello da Pastoriza<sup>38</sup>.

Neste territorio, repartidos nas parroquias de Seixosmil e Meira, segundo os datos aportados polo Instituto Galego de Estadística e polo Instituto Nacional de Estadística (publicados tamén na páxina do concello) residen un total de 1749 habitantes, dos cales 179 son menores de 16 anos, 1.055 de entre 16-64 anos e 515 maiores de 64 anos<sup>39</sup>. Se atendemos á distribución por sexos e nacionalidade, atopámonos cos seguintes datos sobre a poboación meirense.




Lámina 7: Poboación segundo sexo e grande grupos de idade. (Fonte: Instituto Galego de Estadística. Padrón municipal de habitantes 2015).

<sup>37</sup> Coordenadas GPS: latitude: 43,214544 | 43° 12' 52,36"; lonxitude: -7,294149 | -7° 17' 38,96".

<sup>38</sup> <http://www.concellodemeira.com/>, 17/06/2016.

<sup>39</sup> Datos por municipios do Instituto Galego de Estadística (IGE) do 2015, último ano de análise demográfico dispoñible. <http://www.concellodemeira.com/>, 19/06/2016.




Lámina 8: Poboación estranxeira e nacionalidades (Fonte: Taboas e gráfico de creación propia segundo os datos do Instituto Galego de Estadística do ano 2015).

Porcentaxe de poboación segundo ámbito xeográfico	Densidade de poboación	Idade media no 1 de xaneiro	Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	Índice de envellecemento	Índice de sobre-envellecemento	Índice de dependencia global	Índice de estrutura da poboación en idade activa	Índice de recambio da poboación en idade activa
31,8	37,7	49,3	12,6	57,8	29,6	235,4	22,0	63,9	127,4	187,2

Lámina 9 : Indicadores demográficos. (Fonte: Instituto Galego de Estadística. Táboa de indicadores demográficos de Meira do ano 2015).

Os gráficos e os distintos datos contrastados a través do INE e o IGE móstrannos, como é habitual en Galicia e o resto do territorio español, unha poboación envellecida e con pouco crecemento, reflectida nos escasos nacementos e unha maioría destacable de persoas adultas-maiores, ademais da suma dun alto porcentaxe de persoas dependentes (nenos e maiores).

No que se refire á economía, Meira conta cun sector primario moi arraigado por tratarse dun concello fundamentalmente rural. Nel destaca a cría de gando vacún, ovino, porcino e cabalar, ademais da produción agricultora de subsistencia en canto a hortalizas e patacas, e cultivos para a alimentación da cabana gandeira.

O sector industrial aséntase principalmente no polígono industrial ubicado na vila, e as empresas están vencelladas á transformación de produtos derivados do sector primario, coma unha fábrica de produtos lácteos, unha fábrica de gasosas (La Pitusa) e un serradoiro, ademais dunha empresa de prefabricados de formigón, entre outras.

O sector servizos, cun total de 128 empresas, é o sector que maior número de emprego xera de todas as empresas do concello<sup>40</sup>.

## **5.2. Dinámica sectorial**

Detallar aquelas características sectoriais fundamentais onde se enmarca o noso proxecto, o sector da cultura e a súa promoción, será imprescindible para a posterior avaliación das necesidades, as cales analizaremos a continuación e pretendemos solventar na medida do que sexa posible coa nosa proposta.

Os datos estadísticos máis recentes, publicados polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, sobre o financiamento e gasto público en cultura derivado das administracións estatal, provincial e local, revélanos un descenso acusado de fluxo de fondos nos últimos anos debido a crise económica, aínda que en todo este proceso, o aporte na promoción e xestión de bens e servizos culturais, mantívose em niveis superiores, fronte a outros ámbitos da cultura<sup>41</sup>.

Galicia atópase na quinta posición entre as comunidades autónomas mais atractivas en función á súa oferta cultural, tanto para a poboación nacional como a internacional, as cales cada vez máis apostan por destinos con ofertas culturais de

---

<sup>40</sup> Meira conta cun total de 169 empresas, distribuídas segundo a súa actividade en: 23 industria, 18 construción e 128 do sector servizos. <http://www.concellodemeira.com/>, (19/06/2016).

<sup>41</sup> Datos do *Anuario de estadísticas culturales*, Secretaría General Técnica Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2013, <http://www.mecd.gob.es/> (15/07/2016).

---

ocio para as súas vacacións, preferindo un turismo individualizado, tranquilo, no que experimente un contacto coa natureza e a cultura, lonxe da masificación<sup>42</sup>.

O Concello de Meira, dende a Concellalía de Educación, Cultura, Feiras, Festas, Deportes, Xuventude e Turismo, traballa no desenvolvemento das distintas ofertas culturais e turísticas que nos atopamos a día de hoxe no municipio (festivais, rutas turísticas, conferencias, talleres didácticos, etc), co obxectivo de por a disposición do público un abano de actividades de carácter lúdico e educativo dentro do eido cultural, tratando tamén de dar a coñecer o patrimonio cultural do que o concello dispón.

Para esta laboura os técnicos municipais contan cunha serie de infraestruturas como son o Centro Sociocultural, a Biblioteca e a Oficina de Turismo, destacando con diferenza esta última, xa que de forma continua desenvolve unha intensa e produtiva actividade que ten como obxectivo a dinamización do territorio mediante diferentes e variadas propostas<sup>43</sup>, ademais de dar a coñecer o entorno natural, histórico e patrimonial do Concello ó turista que decida achegarse a Meira.

Un bo exemplo desta laboura de difusión e dinamización do patrimonio levado a cabo dende esta oficina son a organización das últimas xornadas sobre as pinturas murais da igrexa<sup>44</sup>, o proxecto de construción dunha maqueta do conxunto monástico do século XVIII, a difusión dos traballos de restauración desenvolvidos na igrexa ou o recoñecemento da ruta alternativa do Camiño de Santiago que pasaba por Meira<sup>45</sup>; todo elo co obxectivo de dar a coñecer a importancia do patrimonio cultural do Concello, apostando por fomentar a participación dos veciños nesta tarefa, garantindo deste xeito o respecto e a conservación deste legado.

Para a difusión destas actividades, ademais dos folletos informativos, notas de prensa e o contacto directo coa técnico da Oficina de Turismo, o Concello conta cunha páxina web oficial<sup>46</sup>, financiada con fondos europeos e a Deputación Provincial, con

---

<sup>42</sup> García Enche, Blanca, *Márketing del turismo rural*, Madrid, Pirámide, 2005, pp.25-26.

<sup>43</sup> Este feito púideno comprobar en persoa durante as miñas FCT na Oficina de Turismo no ano 2014.

<sup>44</sup> [http://www.concellodemeira.com/portal\\_localweb/p\\_156\\_contenedor1\\_ayto\\_meira.jsp?seccion=s\\_fnot\\_d4\\_v1.jsp&contenido=4985&tipo=8&nivel=1400&layout=p\\_156\\_contenedor1\\_ayto\\_meira.jsp&codResi=12&language=gl&level=1](http://www.concellodemeira.com/portal_localweb/p_156_contenedor1_ayto_meira.jsp?seccion=s_fnot_d4_v1.jsp&contenido=4985&tipo=8&nivel=1400&layout=p_156_contenedor1_ayto_meira.jsp&codResi=12&language=gl&level=1)

<sup>45</sup> Información proporcionada directamente por dona Yoani Jartín Salgado, técnico actual da Oficina de Turismo do Concello de Meira.

<sup>46</sup> <http://www.concellodemeira.com/>, (19/06/2016).

apartados específicos, segundo os principais bloques (Concello, servizos municipais e Turismo), divididos en subapartados nos que podemos rastrexar as nosas preferencias.

Por último tamén debemos destacar o papel das asociacións culturais, un total de sete<sup>47</sup>, as cales recollen nos seus estatutos fundacionais o interese pola cultura e o desenvolvemento de toda unha serie de actividades encadradas no eido.

- Asociación Cultural M de Meira
- Asociación de Pais e Nais de Meira
- Asociación de Amas de Casa Río Miño
- Asociación Amigos da Malla
- Asociación Mulleres Rurais de Meira
- Asociación de Pensionistas e Xubilados de Meira
- Gaitafilmes

### **5.3. Diagnóstico e análise DAFO**

Ante os datos aportados tras o análise do contexto sectorial do proxecto, e centrándonos principalmente naqueles relacionados coas actividades relacionadas co Patrimonio do Concello, cabe indicar que aínda dispendo dun recurso web preséntase unha notable invisibilidade do mosteiro e todas as actividades comprendidas dentro da difusión patrimonial, pois agás pequenas e curtas notas informativas e referencias xerais sobre o mesmo, non atopamos máis mecanismos ou dinámicas innovadoras que nos aporten unha experiencia máis profunda no coñecemento do patrimonio meirense.

O apartado concreto adicado ó mosteiro resúmese a unha descrición xeral do mesmo, aplicando unha dinámica pouco atractiva baseada nun longo texto, acompañado dunha guía descargable e unhas poucas fotografías, feito que contrasta coa relevancia real que supón o mosteiro dentro do patrimonio monástico galego e da identidade propia do concello, pois como ben nos indican Amor Meilán “la villa de Meira no tiene historia local propiamente dicha: en la Edad Media y aún en la moderna, su historia es la de su monasterio de Bernardos”<sup>48</sup>.

Por esta razón o proxecto *O Mosteiro de Santa María de Meira: Proxecto de dinamización do Patrimonio monástico a través das TICs* tratará de cubrir estas

---

<sup>47</sup> Existen polo menos outras catro máis pero non se insiren dentro do ámbito cultural.

<sup>48</sup> Cita a Amor Meilán reproducida en Yáñez Neira, Fray Damián, *El monasterio cisterciense y la villa de Santa María de Meira*, Lugo, Servicio de publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1993, pp. 9.

carezas detectadas neste diagnóstico e de colocar o mosteiro á altura da súa relevancia, pondo á disposición do público distintos mecanismos para o seu coñecemento.

A continuación recorreremos a un análise DAFO que nos mostrará, de xeito ordenado, as oportunidades e fortalezas do noso proxecto neste entorno, así como as debilidades e ameazas ás que debe afrontarse.

<b>Debilidades</b> <ul style="list-style-type: none"><li>-Baixo índice de incorporación ó emprego das novas tecnoloxías e Internet nalgúns sectores sociais.</li><li>-Costes económicos.</li></ul>	<b>Ameazas</b> <ul style="list-style-type: none"><li>-Crise económica.</li><li>-Colectivos de consumidores con pouco interés ou coñecemento das novas tecnoloxías</li><li>-A reacción imprevisible do consumidor ante algo novo.</li></ul>
<b>Fortalezas</b> <ul style="list-style-type: none"><li>-Amplia a oferta de contidos.</li><li>-O proxecto da a coñecer o patrimonio rexional: podendo axudar a xerar unha forte identidade.</li><li>-Fomenta o turismo cultural: posibilita o aumento de visitas por motivos culturais.</li><li>- Innovación e accesibilidade.</li><li>-Integración de colectivos con capacidades especiais e en risco de exclusión.</li><li>-Recoñecemento do patrimonio cultural existente.</li><li>-Respeto dos medios existentes.</li><li>- Existencia de proxectos similares na contorna.</li></ul>	<b>Oportunidades</b> <ul style="list-style-type: none"><li>-Creación dunha marca turística accesible.</li><li>-Crecemento do tempo de ocio e a demanda de bens e produtos culturais.</li><li>-Crecente protagonismo das TIC nas estratexias e iniciativas culturais.</li><li>- Conexión coa sociedade da información, das novas oportunidades e coa industria do coñecemento e a cultura.</li><li>-Mellora das condicións de vida dos cidadáns no seu achegamento ó patrimonio.</li><li>- Nicho de mercado amplo e posibilidade de exercer como exemplo para a execución doutras iniciativas similares relacionadas.</li><li>-Política de difusión e protección do Patrimonio.</li><li>-Acceso libre e gratuito.</li></ul>

#### **5.4. Orixes e antecedentes do proxecto**

As orixes deste proxecto xurden ante unha necesidade detectada no tocante ás ferramentas e recursos de difusión do patrimonio monástico meirense, as cales reflexan unha tendencia xeral en canto á falta de dinámicas innovadoras, vencelladas ó tratamento tradicional da cultura e a súa difusión, ben por falta de recursos humanos, tecnolóxicos ou económicos. A importancia do mosteiro, e o seu valor cultural para a cidadanía, foron asumidos como factores claves polos que era necesario actuar e desenvolver un proxecto desta índole, adaptándoo ás novas realidades, sen buscar a oferta do patrimonio monástico coma un produto comercial, se non coma mostra e legado do pasado do que debemos fomentar o seu coñecemento.

Como xa sinalamos en apartados anteriores o concello de Meira presenta unha páxina web onde o mosteiro ten o seu lugar, un apartado que recolle a descrición básica do monumento e unha guía para o coñecemento, podendo identificalos como antecedentes locais do noso proxecto.

Nembargantes o presente proxecto trata de ir máis alá coa creación dun recurso web onde o mosteiro de Meira sexa o protagonista, cunha gran variedade e dinámica de contidos que colaboren á difusión e coñecemento do Ben Patrimonial mediante un desenvolvemento máis exhaustivo, rigoroso e eficaz.

#### **5.5. Estrutura de xestión do proxecto**

A estrutura de xestión plantexada para a creación do recurso web no que se basea proxecto *O Mosteiro de Santa María de Meira: Proxecto de dinamización do Patrimonio monástico a través das TICs* será sinxela:

- Director do proxecto: Será o representante da empresa seleccionada para a montaxe da páxina. Entre as súas funcións estará coordinar a súa labor co Concello no referente a cuestións económicas, estruturais, formais e de contidos. O director contará cun equipo altamente cualificado e estruturado segundo áreas (editor, programador, deseñador gráfico, técnico de sripts, etc), os cales levarán a diante o proxecto en conxunto.

- Xestión da páxina: Unha vez finalizada a elaboración da mesma, a xestión estará en mans do técnico de Turismo do Concello que supervisará os seus contidos e desenvolverá a laboura de difusión aplicando todos os recursos que a mesma lle ofrece, de xeito que se podan aproveitar totalmente os beneficios plantexados no deseño do proxecto. Asemade se encargará de actualizar diariamente os contidos.



## **6.FORMULACIÓN DO PROXECTO**



## **6- Formulación do proxecto**

### **6.1. Definición da actividade**

O proxecto “*O mosteiro de Santa María de Meira: Proxecto de dinamización do Patrimonio monástico a través das TIC*”, ten como obxectivo a creación dun recurso web dende onde dar a coñecer o conxunto monástico e todas as actividades relacionadas co mesmo, facilitando ós usuarios unha experiencia didáctica e un contacto próximo co monumento e a contorna que o rodea, minimizando a barreira do tempo e o espazo.

O desexo de divulgación e difusión do patrimonio do antigo mosteiro será o eixe fundamental sobre o que xire o proxecto, tomando como ferramentas esenciais todos aqueles recursos das novas tecnoloxías da información e a comunicación que sexan precisos, recollidos e administrados dende unha páxina web.

Dende esta páxina accederemos a diversos contidos. Algúns deles permanentes, como os referidos á historia e orixe do mosteiro, da Orde do Císter, a súa arquitectura, a súa escultura, e a súa pintura, outros relativos á información de interés para a visita como horarios, tarifas, descarga de folletos, visita virtual da igrexa, e a información de actualidade relativa a eventos, actividades, proxectos, notas de prensa, etc.

### **6.2. Destinatarios**

“Para asegurar empiricamente que un sitio cumpre cos niveis de usabilidade requeridos, o deseñador precisa dunha metodoloxía, de técnicas e procedementos ideados para tal fin [...] en moitos casos conducido polo usuario, as súas necesidades, características e obxectivos”<sup>49</sup>.

Como ben nos indican a referencia anterior, para o deseño dunha páxina web é esencial definir claramente os destinatarios ou os futuros usuarios da mesma, co obxectivo de estudalos e establecer cales son as súas limitacións, habilidades e necesidades reais no tema sobre o que se está a traballar, tratando de solventalas e

---

<sup>49</sup> Hassan, Yusef, Martín Ferández, F.Jesús y Lazza, Ghzala, “Usabilidad y Arquitectura de la Información” en *Hipertext.net*, Nº 2, Sección Científica de Ciencias de la Documentación, Departamento de Periodismo y de Comunicación Audiovisual de la Universidad Pompeu Fabra, 2004, p3. [https://www.upf.edu/hipertextnet/numero-2/disenyo\\_web.html](https://www.upf.edu/hipertextnet/numero-2/disenyo_web.html) (23/06/2016)

permitir una accesibilidade efectiva ós distintos servizos que se facilitarán, neste caso concreto, aqueles que ofertaremos dende a páxina web do mosteiro de Meira.

No tocante ó establecemento concreto dun tipo de usuario da nosa páxina web cabe apuntar que estará destinada a un público interesado no turismo cultural, no patrimonio, na arte relixiosa, baseando os seus intereses no coñecemento da historia, etnografía, arte, patrimonio, etc., dos pobos, na que unha vila pequena do interior, como é Meira, encaixa perfectamente.

Para o proxecto do recurso web tamén teremos en conta a variabilidade do usuario en canto ás capacidades e limitacións no emprego das novas tecnoloxías, pois podemos atoparnos tanto cun usuarios dun nivel avanzado coma con outros dun nivel moi básico, polo que o deseño da páxina fundamentarase na sinxeleza en canto ó acceso ós contidos, de xeito que se mostre para todos coma un recurso didáctico e informativo altamente útil e accesible.

### 6.3. Cronograma

A continuación, na seguinte táboa, quedan expostos os tempos estimados<sup>50</sup> de realización dun proxecto destas características

DESEÑO, PROGRAMACIÓN DA EXECUCIÓN, XESTIÓN DE RECURSOS E CAMPAÑA PUBLICITARIA	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO
Deseño do proxecto ou proposta	X				
Definición e deseño dos contidos		X			
Xestión, planificación e captación dos recursos necesarios			X		
Deseño da campaña publicitaria e difusión			X	X	X

<sup>50</sup> Tempos aproximados sometidos a diferentes variables (adquisición de recursos, tempos de programación prorrogados debido a necesidades funcionais, necesidade de testeos, etc). Datos apoiados en base a consultores de Incentea (España) Tecnología de Gestión SL., grupo de empresa de prestación de servicios profesionales nas áreas das Tecnoloxías da Información e Comunicación, Marketing e Innovación, Consultoría de Negoci, e Inxeñería de Produto.

nos medios					
<b>IMPLEMETACIÓN DO RECURSO WEB</b>					
Deseño multimedia na plataforma seleccionada				X	
Implantación da páxina e testeo de resultados (garantía de óptimo funcionamento)				X	
<b>EVALUACIÓN</b>					
Monitoreo e recollida de datos durante o deseño e a execución (co obxectivo de coñecer se se están cumprindo os os obxectivos.)	X	X	X	X	
Reunión do equipo de produción				X	
Realización del informe final de evaluación					X



## **7. PRODUCCIÓN DO PROXECTO**



## **7- Producción do proxecto**

Tendo en conta todos os aspectos estudados nos puntos anteriores (necesidades, obxectivos, usuarios, información contextual, etc.), pasamos a explicar o procedemento para a materialización da páxina web sobre o mosteiro de Meira, os contidos implantados na mesma e os distintos factores que se terán en conta para materializar con éxito o noso recurso divulgativo e didáctico.

Previamente, empregando os datos recollidos ata o de agora, é preciso a organización e planificación da estrutura destes contidos: a súa escolla segundo uns criterios de calidade e orde, a selección dos formatos, do esquema co que se interrelacionarán en si, etc. Este traballo será levado a cabo por medio dun equipo cualificado que se encargará dos distintos pasos<sup>51</sup>, sempre baixo as preferencias do demandante<sup>52</sup>.

Neste caso cabe destacar que, ó tratarse dun proxecto de traballo persoal e non empresarial, non dispoñemos deste amplo equipo de produción, máis funcionarei como tal na medida das miñas posibilidades.

Nesta organización inicial será tamén interesante que o equipo encargado realice traballos previos de "Benchmarking", que consiste na observación e avaliación detallada de distintas páxinas de alta calidade do noso ámbito temático, as cales nos podan servir como referencia e aprendizaxe para crear un recurso web produtivo e competitivo<sup>53</sup>.

### **7.1 Rexistro e hospedaxe do dominio**

O primeiro paso para a creación da páxina web será o rexistro do dominio, e dicir, a dirección de internet a través da cal os usuarios potenciais buscarán e accederán á web e ós seus contidos. Unha vez adquirido o dominio procédese á búsqueda do aloxamento web ou *hosting*, un espazo no disco duro dun servidor que ten conexión permanente a Internet e que é alugado por un usuario para publicar información a unha empresa

---

<sup>51</sup> Profesionais xa apuntados no apartado adicado á estrutura de xestión do proxecto.

<sup>52</sup> Neste caso o demandante do proxecto sería o concello de Meira, debendo existir una comunicación continua entre o xefe ou director da execución do proxecto e o representante da institución demandante.

<sup>53</sup> Spendolini, Michael J., *Benchmarking*, Norma, Colombia, 2005, pp 3-6.

prestadora de servizos de Internet”<sup>54</sup>. Unha vez realizados estes dous pasos procederáse a enlazar ambos, dominio e aloxamento, vinculados tamén a través dun correo web.

No noso caso, para a creación do recurso web sobre o mosteiro de Meira, seleccionamos a plataforma [wordpress.org](https://wordpress.org)<sup>55</sup> entre a gran oferta de empresas de aloxamento web dispoñibles, a cal nos permitiu rexistrar un dominio vinculado a un correo electrónico, <https://proxectomeira.wordpress.com>, e dispor dun aloxamento para os contidos do proxecto. Debido á escolla nesta plataforma dunha opción libre de pagos, o dominio leva consigo de forma obrigatoria a publicidade de wordpress.

Nesta plataforma dispoñemos tamén directamente dun CMS propio co que traballar, seguinte apartado no proceso de creación da páxina web.

## 7.2 Instalación dun CMS

CMS son as siglas inglesas (*Content Management System*) do que en galego podemos traducir coma Sistema Xestor de Contidos, e dicir, un programa informático que nos serve de soporte e nos permite crear, xestionar e publicar contidos dunha web, existindo diversas categorías e posibilidades con respecto ós mesmos que permiten ó usuario xestionar eficazmente a súa web aínda que non teña elevados coñecementos sobre a súa edición<sup>56</sup>.

Neste caso, como xa indicamos, dispomos do propio CMS na plataforma [Wordpress.org](https://wordpress.org), que é un software web gratuíto que se pode empregar para crear un sitio web, unha *app* ou un blog, sendo esta última posibilidade a máis empregada e mellor valorada polos usuarios<sup>57</sup>. Cunha rápida instalación, un sinxelo sistema de xestión de contidos e gran cantidade de temas e plugins, poderemos crear eficazmente un prototipo gratuíto ou páxina modelo do que nos gustaría que fose a páxina web final sobre o mosteiro, elaborada posteriormente por especialistas en programación empregando recursos e CMS máis avanzados.

---

<sup>54</sup> <http://www.guiawebmaster.com/alojamiento-web/alojamiento-web.php> (12/07/2016)

<sup>55</sup> Seleccionada principalmente pola súa gratuidade e se selecciona na mesma opción avanzada de pago.

<sup>56</sup> <http://www.desarrolloweb.com/articulos/que-es-un-cms.html> (12/07/2016)

<sup>57</sup> <https://wordpress.org/>(12/07/2016)

### 7.3. Deseño de contidos e estrutura de navegación

En canto ós contidos da páxina<sup>58</sup> foron concretados en base a un plan de desenvolvemento de contidos (tendo en conta todos os requirimentos que acabamos de mencionar) no que se definiron aqueles aspectos máis relevantes en base a un esquema inicial, a partir do cal se redactou a información extraída e debidamente tratada da bibliografía específica publicada sobre o Mosteiro de Meira.

Estes contidos tamén se redactaron atendendo a cuestión propias da edición web<sup>59</sup>, e dicir, textos breves e concisos no que se expoñan simplemente os aspectos máis relevantes, ben estruturados, con títulos e subtítulos claros, frases sinxelas sen demasiados vocábulos técnicos que dificulten a súa comprensión, permitindo unha abordaxe dinámica e directa dos mesmos na que o usuario poda enlazar contidos sen atoparse con exceso de información innecesaria.

Cabe destacar que contidos foron tamén traducidos a dúas linguas máis, castelán e inglés, ós cales se acceden a través dun botón do menú, co obxectivo de ampliar o ámbito de usuario e chegar a un maior número de persoas, incluso fora de Galicia<sup>60</sup>.

---

<sup>58</sup> García León, Alicia, “Etapas en la creación de un sitio web”, en *Biblios: Revista electrónica de bibliotecología, archivología y museología*, N° 14, Perú, 2002, pp. 5-6. Dispoñible en <https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/59425> (16/07/2016)

<sup>59</sup> *Ibidem*.

<sup>60</sup> Para ver os contidos desglosados por apartados e nos tres idiomas vexanse Anexos.

- Inicio/ Novas:

- Historia:

- A Orde do Císter
- Xénese do mosteiro

- A igrexa

- Arquitectura
- Retabilística
  - Retablo Maior e Colaterais
  - Retablos de San Xosé e da Virxe dos Desamparados
  - Retablos da Virxe das Angustias e o Cristo da Agonía
  - Retablos de San Antonio e Santiago
  - Antigo Retablo Maior
- Capela das Reliquias
- Arte funerario e outros obxectos
- Ourivería

- O mosteiro

- Visitas

- Horarios
- Guías / planos
- Audioguías
- Tour Virtual
- Reservas / Contacto

- Galería fotográfica

- Idiomas

A estrutura dos contidos da nosa páxina web ven definida pola relación que existe entre as distintas páxinas propias do sitio ou apartados, as cales o fan segundo unha orde específica acordada de antemán co obxectivo de que o usuario encontre neste recurso unha información relacionada entre si de forma sinxela, clara e atractiva, ampliando as posibilidades de conexión entre datos. “A base dun sitio ben deseñado é unha estrutura definida con precisión”<sup>61</sup>.

Por elo deseñouse e aplicouse para o noso recurso web unha estrutura denominada de rede<sup>62</sup>, modelo que se fundamenta nun sistema no que todas as páxinas están relacionadas entre sí, e na que o usuario pode navegar sen limitacións enlazando unha páxina con outra.

Na nosa páxina web sempre teremos dispoñibles unha serie de menús que nos faciliten este tránsito entre apartados de forma sinxela, posibilitando ó usuario interconectar apartados sen necesidade de voltar continuamente ó menú principal.




Lámina 11 : Ordinograma da estrutura da páxina. Debuxo propio.

<sup>61</sup> Green, Tom, Chilcott, Jordan L., e Flick, Chris S., *Studio MX: Creación de Sitios Web*, Madrid, Anaya Multimedia, Madrid, 2003, p-107.

<sup>62</sup> *Ibíd*em, p. 109.

## **7.4. Deseño de estilos**

Neste punto especificase o aspecto visual ou gráfico da nosa páxina web, a forma en como se mostra para o usuario, os compoñentes presentes en cada páxina do sitio e a interacción dos distintos elementos multimedia dos que dispón.

### **7.4.1. Deseño tecnolóxico**

A páxina web para o mosteiro de Meira é un sistema hipermedia, unha plataforma caracterizada pola posibilidade de incluír non só textos escritos, se non tamén imaxes, audios, vídeos, mapas e capacidade de hipertexto para enlazar con páxinas similares na búsqueda de maior información para aqueles máis curiosos (contribuíndo a non saturar o noso espazo), resultando unha tecnoloxía de amplo potencial educativo e que enriquecen a experiencia didáctica.

Un bo exemplo desta afirmación é o enlace coa páxina [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal), na cal se nos facilita unha visita virtual con fotografías 360º do monumento. Ademais o apartado adicado á galería, así coma as distintas fotografías que acompañan e ilustran os textos, os enlaces de descargas de planos, de folletos e audioguías (esenciais para as persoas con discapacidade auditiva) aportan moita información. Outra opción é o contacto coa Oficina de Turismo de Meira a través dos formulários que ten a dispor do usuario.

Esta páxina web caracterizarase tamén pola existencia dunhos contidos fixos e un apartado variable e interactivo, que lle corresponderá Inicio/Novas, no que periódicamente se publicarán os últimos acontecementos sobre o mosteiro e actividades culturais relacionadas, existindo a posibilidade da interacción do usuario mediante “clicks” que indiquen se lles gustou a páxina e a difusión do noso contido nas redes sociais.

Ademais, co obxectivo de mellorar a accesibilidade e as prestacións, poderanse xerar códigos QR para colocar en pequenas placas distribuídas pola igrexa e os restos do mosteiro<sup>63</sup>, de xeito que calquera dispositivo móbil poda escanealo e acceder directamente ó contido relacionado presente na nosa páxina.

---

<sup>63</sup> Véxase Anexo III como exemplo de panel turístico tipo con código QR, ó que tamén se lle incluírá escritura en braille, que se poderá instalar para tal fin na igrexa e restos do mosteiro.

#### **7.4.2. Deseño comunicativo**

“Un sitio web é unha estrutura de información que posúe unha expresión gráfica que permite a súa visualización e navegación”<sup>64</sup>.

Este formato gráfico non é máis que o deseño comunicativo que empregamos para presentar de forma visual os contidos da nosa páxina ó usuario, distribuíndo os elementos segundo importancia e xerarquía, establecendo os menús despregables, a barra de navegación, a presentación gráfica dos distintos niveles do esquema acordado para a páxina, o formato dos textos (cor e fonte) e os encabezados e pé de páxinas, entre outros.

Para o deseño comunicativo da nosa páxina establecemos as seguintes características:

- Interfaz de usuario sinxela, cunha coidada distribución e unha gama de cores (azul, gris e negro) que se afastan de estridencias.
- Encabezado de páxina fixo presidido por unha foto do mosteiro seguida por unha barra de menú horizontal, onde podemos despregar os distintos apartados que nos dan acceso ás páxinas do sitio de forma xerarquizada.
- A parte inferior presentase variable, mostrando os contidos de cada páxina seleccionada na barra de menú. Ó pé da mesma atopámonos sempre con mecanismos de comunicación entre usuario e aplicación (compartir en redes sociais). Na marxe superior esquerda atopamos tamén hipervínculos que dan acceso a redes sociais propias do sitio, ata o momento inexistentes pero que a súa implementación futura podería ampliar as posibilidades de interacción e comunicación do sitio.
- A páxina adicada a Inicio/novas non despregará menú, se non que presentará directamente os enlaces ás distintas novas sobre o mosteiro e as súas actividades culturais relacionadas, acompañadas de fotografías.
- As imaxes pódense atopar en tres formatos: GIF, JPG, GPN.
- Os audios serán MP3, MIDI ou WAB.

---

<sup>64</sup>García León, Alicia, “Etapas en la ...”. p.7.

## **7.5. Validación final de contidos e funcionamento**

Rematada á edición e a implantación dos contidos da web é preciso executar unha serie de probas de forma exhaustiva para determinar se todo funciona correctamente.

- Comprobación de que a páxina e todos os seus apartados funcionan correctamente.
- Comprobación da visualización de fotografías e reprodución de audios.
- Comprobación da posibilidade de descarga de audios e documentos dispostos para ese fin.
- Comprobación da rapidez de descarga.
- Detectar e reparar vínculos ou enlaces rotos que conectan cos documentos e contidos da páxina.

## **7.6. Recursos**

Para a posta en marcha do noso proxecto de creación dun sitio web identificativo do Mosteiro de Meira precisaremos tres tipos de recursos: humanos, materiais e económicos.

Os recursos humanos serán aquelas persoas designadas para os equipos de organización, xestión e execución do proxecto.

Os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade serán diversos, tales coma material de oficina, ordenadores, escáner, cámara dixital, bibliografía, internet, etc.

Por último encontramos os recursos económicos, os cales a continuación detallaremos, xunto co presuposto estimado necesario para a posta en marcha da páxina web e a publicidade da mesma, así coma a captación de recursos que respalden esta inversión económica.

CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS	TOTAL
Deseño e programación, xestión de recursos e campaña publicitaria.		- 250€	-250
Producción do proxecto <sup>65</sup>		- 1.200€	-1.450€
Inversión do Concello	650€		-800€
Axuda da Deputación Provincial	400€		-400€
Axuda do Bispado de Lugo	400€		<b>0€</b>

Neste presuposto, os gastos repartiríanse entre as tres institucións públicas que poden contribuir a súa materialización (Deputación, Bispado e Concello) cuns 400 € respectivamente, asumindo o Concello 250 € a maiores, para os gastos de deseño, programación, xestión de recursos e campaña publicitaria.

<sup>65</sup> Presuposto da produción estimada para unha web sinxela, das características que posee a realizada para este proxecto, segundo os datos proporcionados por consultores da empresa de programación e desenvolvemento web *Incentea*. (España). Véxase anexo I.



## **8. EVALUACIÓN**



## **8- Evaluación**

Durante todo el proceso de diseño e produción do proxecto realizarase un seguemento e toma de datos exhaustivos da man de axentes internos (tanto da institución solicitante como do equipo que leve a cabo a programación da páxina), co obxectivo de rexistrar todos os datos necesarios para unha avaliación final tras concluir o seu desenvolvemento.

Nesta avaliación a Comisión encargada fixarase en certos indicadores rexistrados nos informes da páxina web para coñecer se os obxectivos se cumpriron en cada unha das partes, tanto na xestión como na execución, ademais dos erros e contratempos derivados das mesmas, de modo que facilite a creación dun informe final que mostre o éxito ou o fracaso do proxecto e os elementos replanteables ou susceptibles de mellora.

Da mesma forma será interesante valorar e analizar neste informe final os resultados e cambios que o proxecto orixinou na contorna e nos usuarios, mostrando se conseguimos o efecto desexado ou debemos cambiar a forma de transmitir a mensaxe. Neste punto, para poder acadar una avaliación de calidade, podemos seleccionar una serie de usuarios potenciais e realizarlles una pequena enquisa que nos facilite saber a súa opinión sobre os contidos, accesibilidade, puntos fortes e puntos débiles da páxina, ademais dos aspectos que precisen un axuste e mellora urxente ou aqueles que non estén incluídos e sexan altamente necesarios<sup>66</sup>.

Dado que polo de agora non coñecemos os alcances reais deste proxecto, non podemos definir claramente una avaliación final do mesmo, máis si podemos indicar a posibilidade da súa ampliación e mellora por parte de equipos ou empresas especializadas que desenvolvan á súa vez outros recursos TIC relacionados. Estas melloras poderían ser a creación dunha aplicación para terminais móbiles (*app*) da páxina para dispositivos móbiles e tablets, unha *app* de audioguía que amplíe á recollida na páxina, instalación de pantallas táctiles que reproduzan os contidos da web e aporten contidos didácticos para nenos, o desenvolvemento dunha visita virtual comprendida máis aló das fotografías 360 ° de Tourgalicia, etc.

---

<sup>66</sup> Véxase Anexo II, exemplo de modelo de enquisa de usuario.

Podemos afirmar que a creación desta páxina non e máis que unha pequena parte do que se pode facer gracias ás TIC con respecto á difusión e divulgación do patrimonio monástico de Meira.

## **9. MANTENIMIENTO E EVOLUCIÓN**



## **9- Mantemento e evolución**

O mantemento regular e a actualización dos contidos da páxina web serán un punto clave a ter en conta unha vez se implante o recurso, pois de nada serve a súa implementación se non se realizan tarefas de mantemento e melloras segundo as necesidades que vaian surxindo. Manter a páxina desactualizada favorece na creación dunha imaxe de falta de rigor e interese, contribuíndo a que os usuarios non opten pola oferta debido á falta de confianza na atención que recibirán.

Por elo “tan constante como a avaliación e a consecuencia dela, debe crearse un plan de mantemento e desenvolvemento que contemple os resultados da avaliación e o cumprimento dos obxectivos do sitio e a entidade que lle deu orixe”<sup>67</sup>. A optimización das prestacións e o perfeccionamento das técnicas empregadas debe recollerse neste plan de mantemento, que no noso caso implicará directamente á técnico da Oficina de Turismo, aplicando un sistema de traballo que garanta un desenvolvemento e actualización continua da web máis alá do impulso inicial da súa creación, garantindo así a súa vixencia eficaz no tempo.

---

<sup>67</sup> Op. Cit., García León, Alicia, “Etapas en la...” p. 15.



## **10. CONCLUSIÓN**



## **10. Conclusión**

Partindo do desexo de difusión do legado monástico conservado en Santa María de Meira, o presente estudo empregou e desenvolveu unha das múltiples ferramentas que hoxe en día as TIC nos ofrecen para tal cometido, como é a creación dunha páxina web onde atopar diferentes recursos informativos e didácticos que acheguen ó usuario ou interesado as cuestións e claves para o seu coñecemento, salvando calquera barreira espacio- temporal que o separe do mesmo.

Mediante este recurso calquera persoa, atope onde se atope, pode acceder de forma sinxela a un recurso gratuíto colgado na internet co que facer unha aproximación a un dos exemplos mais interesantes da arquitectura do Císter que atopamos no territorio galego, permitíndolle comprender os ideais básicos que trouxeron os monxes franceses dende a abadía nai grazas á aplicación dunha metodoloxía que amplía os horizontes informativos tradicionais.

A súa estrutura inicial sinxela serve como punto de partida a un recurso que se integra perfectamente nunha sociedade baseada no acceso rápido á información, o cal poderá incluír paulatinamente melloras e a *apps* que amplíen os seus contidos e manteñan os obxectivos principais da proposta, baseados na difusión do patrimonio cultural monástico meirense e o seu posicionamento como punto interesante nos circuítos do turismo cultural galego e nacional.

Incluso aquelas persoas con deficiencias visuais poderán beneficiarse desta iniciativa, descargando as audioguías da páxina mediante o seu acceso directo ou a lectura dos códigos QR, que se poderán instalar en pequenas placas dentro da igrexa, recursos útiles tamén para aqueles que non presenten ningunha necesidade especial, funcionando coma un “plus” informativo. A accesibilidade ao monumento aumenta polo tanto a todos os niveis do usuario, mellorando os recursos dispostos ata o momento.

Queda por tanto reflexado unha vez máis a importancia e a utilidade que as TIC presentan cando se aplican á disposición do patrimonio, tanto para a súa conservación como a súa difusión (entre outras múltiples funcións), unhas características que en Meira nos permitirán ademáis fortalecer esa relación entre monumento e o seu lugar, xa

que o seu posicionamento actualizado dentro da oferta cultural do Concello con seguridade atraerá un número maior de turistas ó lugar, contribuíndo así no desenvolvemento competitivo e o crecemento económico local. O mantemento futuro e a mellora da páxina web reforzará a cobertura dos obxectivos que nos plantexamos neste proxecto, mostrándose coma un elemento esencial en constante cambio e evolución segundo as distintas necesidades que vaian surxindo.

Persoalmente a experiencia obtida neste proxecto permitíume afondar nas posibilidadeas que as TIC nos ofrecen nos distintos ámbitos, tanto patrimoniais como da vida diaria, unha parcela da que non presentaba uns coñecementos moi profundos debido á nosa formación, máis a importancia que hoxe en día a tecnoloxía está a conseguir impulsounos a somerxernos nun mundo totalmente distinto e en boa parte descoñecido para nós, permitíndome afondar en moitos aspectos e descubrir as infinitas posibilidades das que hoxe en día se dispón para difundir o patrimonio e ofrecer enriquecedoras experiencias didácticas.

O patrimonio cultural forma parte de nós mesmos polo que a aplicación de iniciativas que o “adaptan” ás inquietudes do noso tempo será fundamental para seguir camiñando unidos, forxando un futuro común fundamentado na accesibilidade, o respecto, a conservación e a difusión.

## **11. BIBLIOGRAFÍA**



## **11. Bibliografía:**

### **Bibliografía específica de Meira**

- Barral Rivadulla, M. D., “El monasterio de Santa María de Meira. Crónica de la desaparición y recuperación de una fábrica” en Barral Rivadulla, Ma. Dolores e López Vázquez, José Manuel (Coord.), *Homenaje del Departamento de Historia del Arte de la Universidad de Santiago de Compostela a la profesora doctora M<sup>a</sup> del socorro Ortega Romero*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002, pp. 611-626.
- Carmona Muela, J., *Iconografía de los santos*, Madrid, Itsmo, 2003.
- Castro Fernández, Belén, *Francisco Pons Sorolla: arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2013.
- Cendón Fernández, Marta e Chao Castro, David, “El Císter en Galicia” en Cavero Domínguez, Gregoria e Celís Sánchez, Jesús (Coord.), *El Císter en el Reino de León : exposición, Monasterio de Santa María de Carracedo*, León, Instituto Leonés de Cultura, D.L, 2012, pp, 81-111.
- Fernández González, Antonio, *Fernando de Casas y Novoa. Arquitecto del Barroco dieciochesco*, Madrid, Fundación Universitaria Española, 2006.
- Folgar de la Calle, M<sup>a</sup> Carmen, “La arquitectura de los monasterios cistercienses de Galicia desde el Barroco hasta la desamortización” en Rodríguez, Jorge e Valle Pérez, José Carlos (Coord.), *Arte del Císter en Galicia y Portugal*, A Coruña, Fundación Calouste Gulbenkian e Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998, pp. 290-328.
- Folgar de la Calle, M<sup>a</sup> Carmen, “El Retablo barroco gallego” en García Iglesias, José Manuel (Coord.), *Galicia no tempo*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, pp. 201-220.

- García Cuetos, María Pilar, *Arquitectura en Asturias, 1500-1580: la dinastía de los Cerecedo*, Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, 1996.
- García Iglesias, José Manuel, *Historia da arte galega, O Barroco I*, Proxecto Galicia, Tomo XIII, A Coruña, Hércules, 1993.
- García Iglesias, José Manuel, *Historia da arte galega, O Barroco I*, Proxecto Galicia, Tomo XIII, A Coruña, Hércules, 1993.
- García Oro, José e Portela Silva, M<sup>a</sup> José, *A monarquía e os mosteiros galegos no século XVI: a hora da recuperación*, A Coruña, Grupo Filatélico e Numismático de Noia, 2009.
- Guerra Mosquera, J., “El coro de Santa María de Meira” en *Lucensia: miscelánea de la cultura y la investigación*, Lugo, Biblioteca del Seminario Diocesano, N<sup>o</sup> 3, 1991, pp. 104.
